

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

1995 *Orde TMA/105/2020, do 31 de xaneiro, pola que se establecen as normas para a concesión e mantemento das licenzas de explotación de servizos aéreos.*

O Regulamento (CE) n.º 1008/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de setembro de 2008, sobre normas comúns para a explotación de servizos aéreos na Comunidade, establece no seu artigo 10, número 2, que a autoridade competente para a concesión de licenzas fará públicos os procedementos relativos á concesión, suspensión e revogación de licenzas de explotación, e informará diso a Comisión.

En España, os ditos procedementos están regulados na Orde do 12 de marzo de 1998 pola que se establecen as normas para a concesión e o mantemento de licenzas de explotación ás compañías aéreas, do ministro de Fomento, ditada en aplicación do Regulamento (CEE) n.º 2407/92 do Consello, do 23 de xullo de 1992, sobre a concesión de licenzas ás compañías aéreas. A derogación deste regulamento polo vixente Regulamento (CE) n.º 1008/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de setembro de 2008, non afectou no esencial a aplicación da citada orde ministerial xa que, no substancial, é perfectamente compatible co disposto nel.

Non obstante, o tempo transcorrido desde a adopción da Orde do 12 de marzo de 1998 aconsella actualizar o réxime aplicable, de modo que responda de maneira máis eficaz ás necesidades actuais do sector.

Con este obxectivo, esta orde simplifica o procedemento de concesión, suspensión e revogación das licenzas de explotación, ao tempo que facilita a tramitación electrónica do procedemento ao establecer formularios para a presentación das solicitudes e documentos que teñan en conta a súa implantación.

Ademais, facendo uso da marxe que lles confire aos Estados o Regulamento (CE) n.º 1008/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de setembro de 2008, concréntanse as especificidades nacionais, entre outros, respecto aos requisitos exixibles para a concesión de licenzas de explotación ás compañías aéreas que pretendan explotar aeronaves de masa máxima no momento da engalaxe inferior a 10 toneladas ou que teñan menos de 20 asentos, ou sobre a matriculación das aeronaves das compañías aéreas titulares dunha licenza expedida en España.

Esta orde, ademais, adecúa as referencias á autoridade nacional competente en materia de licenzas de explotación de servizos aéreos, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, e derroga a Orde do 12 de marzo de 1998, a cal substitúe.

Por último, a orde atende aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129, número 1, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Responde aos principios de necesidade e eficacia, en canto que deriva dunha obrigação establecida na normativa europea, e só mediante este instrumento normativo pode adoptarse o procedemento administrativo regulado nela. Tamén se satisfai o principio de proporcionalidade, pois un dos seus obxectivos declarados é simplificar o procedemento e facilitar a implementación da tramitación electrónica. Da mesma maneira, cúmprese co principio de seguridade xurídica, ao resultar conforme coa normativa europea que a orixina e ao ser no esencial continuista coa normativa nacional que a precedeu. Respéctase o principio de transparencia ao garantir a audiencia dos interesados e definir con claridade os obxectivos da iniciativa normativa e a súa xustificación. Por último, resulta conforme co principio de eficiencia dado que non se establecen cargas innecesarias, se simplifican as existentes con anterioridade e as novas establecidas son pouco significativas

tendo en conta o peso do sector, ao tempo que a súa inclusión resulta imprescindible para garantir o control financeiro das compañías.

A orde dítase no exercicio das competencias atribuídas ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (daquela Ministerio de Fomento) no artigo 5.1 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, e de conformidade coa habilitación ao ministro establecida na disposición derradeira cuarta da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea.

Na súa virtude, coa aprobación previa do daquela ministro de Facenda e Función Pública (na actualidade ministra de Política Territorial e Función Pública), de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer o procedemento para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 1008/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de setembro de 2008, sobre normas comúns para a explotación de servizos aéreos na Comunidade (en diante, o Regulamento), concretar a regulación na materia e delimitar aqueles ámbitos en que a norma comunitaria permite unha marxe de discrecionalidade aos Estados.

Artigo 2. *Autoridade e órgano competente para a concesión, denegación, suspensión e revogación das licenzas de explotación de servizos aéreos.*

1. A autoridade nacional competente para a concesión, supervisión, denegación, suspensión e revogación das licenzas de explotación de servizos aéreos é a Axencia Estatal de Seguridade Aérea (no sucesivo, a Axencia), de conformidade co disposto no artigo 9.1.a) do seu estatuto, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro.

2. A Axencia informará a Comisión das decisións que adopte en relación coa concesión, suspensión ou revogación das licenzas de explotación, de conformidade co disposto no artigo 10.2 do Regulamento.

3. O órgano competente para a resolución dos procedementos dentro da Axencia é a Dirección de Seguridade de Aeronaves, de acordo co establecido no seu estatuto.

Artigo 3. *Normativa de aplicación supletoria.*

No non previsto nesta orde en relación co procedemento para a concesión, denegación, suspensión ou revogación das licenzas de explotación será de aplicación o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 4. *Excepcións á obrigaón de obter unha licenza de explotación.*

De acordo co artigo 3.3 do Regulamento, non están suxeitos á obrigaón de posuír unha licenza de explotación concedida conforme o establecido nesta orde:

- a) Os servizos aéreos realizados por aeronaves sen motor ou ultralixeiras con motor.
- b) Os voos locais.

Artigo 5. *Categorías de licenzas e facultades de explotación.*

1. En aplicación do disposto no artigo 5 do Regulamento, as licenzas de explotación de servizos aéreos clasifícanse en dúas categorías:

a) Licenzas de categoría A: aquelas que lles permiten aos seus titulares prestaren os servizos aéreos de transporte que se especifiquen na licenza, xa sexan de pasaxeiros, correo ou carga, a cambio de remuneración ou pagamento de alugueiro, sen limitación en canto á masa máxima no momento da engalaxe ou á capacidade en asentos das aeronaves que se vaian operar.

b) Licenzas de categoría B: aquelas que lles permiten aos seus titulares prestaren os servizos aéreos de transporte que se especifiquen na licenza, xa sexan de pasaxeiros, correo ou carga, a cambio de remuneración ou pagamento de alugueiro, exclusivamente

con aeronaves cuxa masa máxima no momento da engalaxe sexa inferior a 10 toneladas ou que teñan menos de 20 asentos.

2. Estas licenzas de explotación permítenlles aos seus titulares realizaren os servizos aéreos intracomunitarios que correspondan atendendo á súa categoría e ao tipo de servizo aéreo, pasaxeiros, correo ou carga, para que estean habilitados.

A realización de servizos aéreos internacionais está suxeita, ademais, ao disposto nos acordos e convenios internacionais de transporte aéreo e ao réxime que lles resulte aplicable.

3. As licenzas de categoría A concederánselles exclusivamente a aquelas compañías aéreas que:

a) Establezan desde o inicio da explotación a operación efectiva con aeronaves de masa máxima no momento da engalaxe igual ou superior a 10 toneladas ou dotadas dun mínimo de 20 asentos.

b) Teñan concedida unha licenza de explotación de categoría B e, logo de acreditación do cumprimento dos requisitos exixidos para a licenza de categoría A, pretendan realizar operacións con aeronaves cuxa masa máxima no momento da engalaxe ou capacidade en asentos exceda os límites establecidos na súa licenza.

4. As compañías aéreas con licenza de explotación exclusivamente para o transporte de correo e carga que pretendan realizar operacións con pasaxe deberán obter a licenza de explotación que as habilite para o transporte de pasaxeiros.

Artigo 6. *Procedemento para a concesión da licenza de explotación.*

1. O procedemento para a concesión da licenza de explotación iniciarase por instancia da empresa interesada mediante a presentación dunha solicitude ante a Dirección de Seguridade de Aeronaves, formalizada no modelo que figura no anexo I e acompañada da documentación que se relaciona nel. A Axencia terá dispoñible na súa páxina web o modelo de solicitude.

Para a obtención da licenza de explotación no procedemento deberase acreditar o cumprimento das condicións previstas nos artigos 4 e 5 do Regulamento.

2. O prazo máximo para resolver este procedemento é de tres meses desde a data en que tivese entrada a solicitude no rexistro electrónico da Axencia, sen prexuízo da emenda da solicitude, cando proceda, no prazo de dez días.

A resolución do director da Dirección de Seguridade de Aeronaves que poña fin ao procedemento será notificada ao solicitante no prazo máximo de dez días desde a data da súa adopción, e conterá os motivos en que se fundamenta.

A falta de resolución expresa no prazo máximo para resolver lexítima o interesado para entender denegada a súa solicitude, de conformidade coa excepción prevista no artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Contra a resolución de concesión ou denegación da licenza de explotación o interesado poderá interpor recurso de alzada ante o director da Axencia no prazo dun mes desde a resolución expresa ou, se o acto non for expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que producise os efectos do silencio, conforme o previsto no punto anterior.

As resolucións do director da Axencia dos recursos de alzada esgotarán a vía administrativa.

4. Os procedementos tramitaranse electronicamente en todas as súas fases en relación cos suxeitos obrigados a relacionarse electronicamente coas administracións públicas.

Artigo 7. *Eficacia, suspensión e revogación das licenzas de explotación.*

1. De conformidade co establecido no artigo 8.1, parágrafo primeiro, do Regulamento, a licenza de explotación terá carácter indefinido e manterá a súa eficacia mentres a compañía aérea continúe cumprindo os requisitos exixidos para a súa concesión.

2. En caso de incumprimento das condicións exixidas para a súa concesión, a Dirección de Seguridade de Aeronaves iniciará un procedemento para a suspensión ou revogación da licenza, no cal se dará audiencia á compañía interesada.

Nos termos previstos no artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a Dirección de Seguridade de Aeronaves poderá adoptar as medidas provisionais que resulten pertinentes para o caso.

O anterior non obsta para a aplicación das medidas extraordinarias previstas no artigo 30 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

Artigo 8. *Compañías con dificultades financeiras e licenzas de explotación temporais.*

1. De conformidade co previsto no artigo 9.1 do Regulamento, a Dirección de Seguridade de Aeronaves poderá avaliar en todo momento a situación financeira das compañías aéreas con licenza de explotación outorgada pola Axencia, e cando así o aconselle o seu resultado, poderá:

- a) iniciar de oficio un procedemento de suspensión ou revogación da licenza; ou,
- b) conceder unha licenza temporal, por un período máximo de doce meses, ás compañías aéreas que atravesen por dificultades financeiras, sempre que non xurdan riscos de seguridade e a compañía aérea presente un plan realista de viabilidade, detallando as medidas de carácter financeiro, comercial, societario e, en xeral, de reorganización, para superar as súas dificultades. As licenzas de explotación temporais deberán reflectir os cambios que, de ser o caso, se producisen no certificado de operador aéreo da compañía.

En caso de incumprimento manifesto do plan de reconstitución financeira vinculado á licenza de explotación temporal, ou de xurdiren problemas en materia de seguridade, a Dirección de Seguridade de Aeronaves iniciará de oficio un procedemento para a revogación da dita licenza de explotación temporal.

2. De conformidade co previsto no artigo 9.2 do Regulamento, cando haxa indicios claros de que existen dificultades financeiras ou se se iniciou un procedemento de insolvencia ou similar, a Dirección de Seguridade de Aeronaves realizará unha profunda análise da situación financeira da compañía aérea e, cando así o aconselle o seu resultado, nun prazo de tres meses revisará a licenza da compañía aérea e resolverá a súa suspensión ou revogación, ou ben outorgará unha licenza temporal por doce meses nos termos previstos no número 1, letra b), anterior.

Artigo 9. *Obrigacións xerais de información e documentación das compañías aéreas.*

1. Para o mantemento da licenza de explotación concedida pola Axencia, as compañías aéreas están obrigadas a facilitar á Dirección de Seguridade de Aeronaves, cando esta o requira, a información e documentación necesarias para comprobar que continúan cumprindo as condicións exixidas para a súa concesión.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do dereito da compañía aérea a non achegar a información ou documentos solicitados que xa consten en poder da Administración, para cuxo efecto deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os documentos que fosen achegados por ela anteriormente a calquera Administración. En tal caso, será a Axencia a que proceda a consultalos ou obtelos da Administración en cuxo poder se encontren, salvo oposición expresa da compañía aérea mediante a presentación dos modelos que figuran ao respecto no anexo I, número 5, ou anexo II, segundo proceda.

2. Ademais, as compañías aéreas con licenza de explotación de categoría A ou as compañías aéreas con licenza de explotación de categoría B cuxo volume de negocio anual supere a cantidade de 3 millóns de euros ou que ofrezan servizos de transporte aéreo regular deberán remitir á Dirección de Seguridade de Aeronaves as contas anuais auditadas, o informe de auditoría e o informe de xestión correspondentes ao exercicio anterior.

O resto das compañías aéreas con licenza de explotación de categoría B presentarán as contas anuais auditadas, o informe de auditoría e o informe de xestión, cando a obrigaición da súa elaboración lles veña imposta pola súa normativa de aplicación.

Esta documentación achegarase dentro dos seis meses seguintes ao termo do exercicio económico e, en calquera caso, non máis tarde do prazo establecido na lexislación mercantil para o depósito de contas anuais.

3. Así mesmo, as compañías aéreas con licenza de explotación de categoría A remitirán á Dirección de Seguridade de Aeronaves a seguinte información actualizada:

a) Ao mes seguinte do peche do exercicio social, cando non se depositasen as contas anuais por non teren transcorrido os prazos exixidos pola lexislación mercantil:

1.º Balance de situación, conta de perdas e ganancias, estado de cambios no patrimonio neto e estado de fluxos de efectivo referidos ao último exercicio económico.

2.º Memoria, informe de xestión e informe de auditoría sempre e cando se cumprisen os prazos que, segundo a lexislación mercantil, teñen as compañías para elaboralos.

b) No mes seguinte ao peche do exercicio anterior, a previsión de contas do exercicio en curso, incluídos o balance de situación, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios do patrimonio neto e o estado de fluxos de efectivo previstos.

c) Trimestralmente, no mes seguinte á finalización de cada período, salvo que a Dirección de Seguridade de Aeronaves o requira con outra periodicidade ou prazo, o balance de situación, a conta de perdas e ganancias, o estado de fluxos de efectivo e o estado de cambios no patrimonio neto.

A información a que se refiren as letras a) a c), ambas incluídas, incluírá os datos relativos a gastos e ingresos realizados e previstos en conceptos como combustible, tarifas, salarios, mantemento, amortización, flutuacións dos tipos de cambio, taxas de aeroporto, taxas de navegación aérea, gastos de asistencia en terra, seguros, previsións de tráfico e de ingresos.

4. As compañías aéreas con licenza de explotación de categoría B achegarán, por petición da Dirección de Seguridade de Aeronaves, o balance de situación e o estado de cambios do patrimonio neto para comprobar que este é, polo menos, de 100.000 euros, así como cando sexa necesario, co fin de avaliar a súa situación financeira.

5. A información recollida nos puntos anteriores deberase remitir en formato dixital de acordo co anexo II da Orde JUS/319/2018, do 21 de marzo, pola que se aproban os novos modelos para a presentación no Rexistro Mercantil das contas anuais dos suxeitos obrigados á súa publicación, epígrafes II.1.2.1 e 2, ou disposicións concordantes. No caso dos datos a que se refire o número 3, letra c), a Axencia porá na súa páxina web á disposición dos usuarios os modelos para a súa presentación.

Artigo 10. *Obrigações de información e documentación das compañías aéreas en supostos especiais.*

1. As compañías aéreas, ademais da información prevista no artigo anterior, informarán a Dirección de Seguridade de Aeronaves, con carácter inmediato:

a) Dos cambios que afecten as persoas con facultades de dirección continuada e efectiva da compañía aérea, ás cales se lles exixirá a presentación da declaración de honorabilidade profesional, que deberá seguir o modelo recollido na páxina web da Axencia.

b) Do inicio de calquera proceso que afecte a súa solvencia económica e financeira. Así mesmo, deberán facilitar toda a información que se lles requira en relación co dito procedemento.

c) De calquera cambio nas condicións da cobertura dos seus seguros aéreos.

2. Ademais, de conformidade co previsto no artigo 8 do Regulamento, as compañías aéreas con licenza de explotación de categoría A e as de categoría B que ofrezan servizos

de transporte aéreo regular ou cuxo volume de negocio supere os 3 millóns de euros estarán obrigadas a notificar á Dirección de Seguridade de Aeronaves:

a) No prazo máximo de catorce días naturais, desde que teñan lugar:

1.º Os cambios de propiedade que representen, polo menos, o 10 % do seu capital social, do capital social da súa sociedade matriz ou da súa última sociedade de participación.

2.º Os cambios de propiedade que, sen acadaren a porcentaxe a que se refire o número anterior, impliquen ou afecten unha participación de control na compañía aérea. O anterior con independencia de que os ditos cambios sexan directos, a través da sociedade matriz ou da última sociedade de participación.

b) Con antelación suficiente:

1.º Os proxectos para a explotación de servizos aéreos a rexións continentais ou mundiais non servidas anteriormente.

2.º Os proxectos para a explotación de servizos aéreos de carácter regular, cando non fosen operados anteriormente pola compañía.

3.º As modificacións importantes da dimensión das súas actividades, entre as cales se inclúen as modificacións no tipo ou número das aeronaves empregadas, cando tales modificacións estean ligadas a cambios na dimensión das súas actividades, e a ampliación das actividades que se van desenvolver.

4.º Os proxectos de renovación de frota.

5.º Os proxectos e ofertas de fusión e adquisición.

A Dirección de Seguridade de Aeronaves poderá requirir a ampliación da información e documentación que se lle remita, para os efectos de avaliar a incidencia das modificacións comunicadas na situación económico-financeira da compañía aérea.

Nos supostos da letra b), a Dirección de Seguridade de Aeronaves pronunciarase sobre a suficiencia da información e documentación achegada no prazo de vinte días desde a presentación da información e documentación e, de ser caso, solicitará a documentación complementaria que considere necesaria para resolver, conforme o previsto no punto seguinte.

3. De acordo co establecido no artigo 8.6 e 7 do Regulamento, a Dirección de Seguridade de Aeronaves, no prazo de tres meses desde que tivese entrada no rexistro electrónico da Axencia a información e documentación requiridas conforme o previsto no número 2, resolverá o que proceda en relación coas modificacións comunicadas, incluída, se ser o caso, a necesidade de que a compañía deba obter unha nova licenza de explotación cando o cambio notificado afecte a súa situación xurídica ou aspectos esenciais do plan de negocio presentado para a concesión da licenza de explotación.

Artigo 11. *Presentación da documentación.*

Toda a información que as compañías aéreas deben presentar conforme o previsto nos artigos 9 e 10 se dirixirá á Dirección de Seguridade de Aeronaves a través de medios electrónicos.

Artigo 12. *Confidencialidade.*

A Axencia garantirá a confidencialidade da información que reciba, de conformidade co artigo 26.3 do Regulamento.

Artigo 13. *Réxime xeral de matriculación aplicable ás aeronaves.*

As compañías aéreas con licenza de explotación concedida pola Axencia deberán matricular en España as aeronaves que utilicen de forma permanente para o desenvolvemento habitual da súa actividade e inscribilas ao seu nome no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís como título de propiedade, arrendamento, arrendamento

financeiro ou calquera outro título xurídico inscristible que faculte a súa dispoñibilidade. O anterior enténdese sen prexuízo do que se dispón no artigo 10 do Regulamento de matriculación de aeronaves civís, aprobado polo Real decreto 384/2015, do 22 de maio.

Para estes efectos, considéranse aeronaves de utilización permanente as aeronaves en propiedade ou en calquera réxime de arrendamento sen tripulación baixo contratos de duración superior a 6 meses, incluídas as súas prórrogas.

Artigo 14. *Arrendamento.*

1. Ademais do disposto no artigo anterior, para que as compañías aéreas con licenza de explotación concedida pola Axencia poidan operar aeronaves mediante acordos de arrendamento de aeronaves con tripulación ou sen tripulación, farano suxeitas ao previsto no artigo 13 do Regulamento e no Regulamento (UE) n.º 965/2012 da Comisión, do 5 de outubro de 2012, polo que se establecen requisitos técnicos e procedementos administrativos en relación coas operacións aéreas en virtude do Regulamento (CE) n.º 216/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, e neste artigo.

2. Están suxeitos á aprobación previa da Dirección de Seguridade de Aeronaves:

a) A toma en arrendamento de aeronaves con tripulación operadas por compañías aéreas da Unión Europea ou de terceiros países.

b) A toma en arrendamento de aeronaves sen tripulación de calquera persoa física ou xurídica, aínda que non sexa compañía aérea, matriculadas nos Estados membros da Unión Europea ou en terceiros países.

c) A cesión en arrendamento sen tripulación de aeronaves rexistradas en España a calquera operador aéreo ou persoa física ou xurídica.

A Axencia porá na súa páxina web á disposición dos usuarios os modelos para a solicitude de aprobación.

3. De conformidade co artigo 13.2 do Regulamento e co anexo III [Parte ouro] do Regulamento (UE) n.º 965/2012 da Comisión, do 5 de outubro de 2012, para a aprobación da toma en arrendamento con tripulación de aeronaves operadas por compañías aéreas da Unión Europea, a Dirección de Seguridade de Aeronaves, na verificación do cumprimento dos requisitos pertinentes das operacións aéreas, comprobará que:

a) A compañía aérea que solicita a aprobación para o desenvolvemento ordinario das súas actividades non depende excesivamente destes arrendamentos. Para estes efectos, considerarase que existe dependencia excesiva cando o número de aeronaves arrendadas con tripulación que operen simultaneamente supere un terzo da súa propia frota.

Sen prexuízo do anterior, a Dirección de Seguridade de Aeronaves poderá aprobar estes arrendamentos por riba da dita proporción, cando quede acreditado que a organización, a dirección e o sistema de xestión do operador seguen sendo adecuados á magnitude e ao alcance das súas actividades, en particular cando se trate de compañías con frotas inferiores a catro aeronaves.

b) O arrendamento non exceda os sete meses, prorrogables ata un máximo de doce meses, nas condicións que determine a Dirección de Seguridade de Aeronaves, en atención ás normas da Unión Europea.

Non obstante, a Dirección de Seguridade de Aeronaves poderá aprobar arrendamentos e prórrogas por períodos máis amplos, cando quede acreditado que o operador dispón de medios para garantir que as actividades contratadas cumpriran durante todo o período de duración do contrato cos requisitos exigibles en materia de seguridade operacional, de acordo coa normativa da Unión Europea.

Disposición transitoria única. *Rexistro de aeronaves de utilización permanente, matriculadas noutros Estados membros, no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís español.*

Non obstante o disposto no artigo 13, as compañías aéreas con licenza de explotación concedida pola Axencia que, no momento da entrada en vigor desta orde, teñan aeronaves

de utilización permanente matriculadas noutros Estados membros coas cales estivesen operando con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 384/2015, do 22 de maio, poderán continuar operándoas ata a data de vencemento que figure nos títulos traslativos da súa posesión ou uso vixentes na data de entrada en vigor do mencionado real decreto.

Unha vez producido o vencemento dos títulos traslativos da posesión ou uso destas aeronaves, só poderán seguir sendo operadas pola compañía aérea logo de inscrición no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas:

a) A Orde do 12 de marzo de 1998 pola que se establecen as normas para a concesión e o mantemento de licenzas de explotación ás compañías aéreas, do ministro de Fomento.

b) A Circular aeronáutica 3/2006, do 10 de novembro, da Dirección Xeral de Aviación Civil, pola que se regula o arrendamento de aeronaves entre compañías aéreas sen inscrición no Rexistro de Matrícula de Aeronaves.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.^a da Constitución en materia de transporte aéreo e matriculación de aeronaves.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación e execución.*

A Dirección de Seguridade de Aeronaves fará públicos, a través da súa páxina web, o modelo de solicitude para a concesión de licenzas de explotación que figura no anexo I, así como os modelos para a solicitude de autorización e notificación de arrendamentos de aeronaves e os modelos de declaración de honorabilidade profesional.

Así mesmo, a Dirección de Seguridade de Aeronaves poderá publicar na súa páxina web material guía (GM) para facilitarlles aos administrados a aplicación desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Non incremento do gasto público.*

Esta orde non supón incremento de gasto público.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 31 de xaneiro de 2020.—O ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, José Luis Ábalos Meco.

ANEXO I

Documentos e información para solicitar unha licenza de explotación

1	MODELO DE SOLICITUDE		
TIPO DE LICENZA SOLICITADA*	Categoría "A" <input type="checkbox"/>	Pasaxeiros <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		Carga e correo <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Categoría "B" <input type="checkbox"/>	Ambas <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Empresa solicitante		CIF	
Domicilio			
Poboación			
Provincia		Código postal	
Tfno.		Fax	
Correo electrónico			
Datos do representante legal			
1º apelido		2º apelido	
Nome		DNI	
Poboación		Provincia	

_____, _____ de _____ de 20____
 (Localidade) (Data)

 (Sinatura)

**Categoría A: permiten aos seus titulares prestaren servizos aéreos de transporte de pasaxeiros, correo ou carga, a cambio de remuneración ou pagamento de alugueiro, sen limitación en canto á masa máxima no momento da engalaxe ou á capacidade en asentos das aeronaves que van operar.*

**Categoría B: permiten aos seus titulares prestaren servizos aéreos de transporte de pasaxeiros, correo ou carga, a cambio de remuneración ou pagamento de alugueiro, exclusivamente con aeronaves cuxa masa máxima no momento da engalaxe é inferior a 10 t ou que teñan menos de 20 asentos.*

2	Documentación que cómpre achegar para a obtención das LICENZAS DE EXPLOTACIÓN	
a)	Documento acreditativo da representación (poder notarial ou calquera outro medio válido en dereito) se a solicitude de licenza de explotación está asinada por un representante	<input type="checkbox"/>
b)	<p>Memoria da empresa, co seguinte contido:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ Denominación, natureza xurídica, domicilio social, oficinas, locais e instalacións con que conta para o desenvolvemento da súa actividade. Órganos de goberno, a súa composición, identidade dos seus membros.➤ Organización, órganos de dirección, funcións e responsabilidades do persoal directivo, con identificación das persoas designadas para o seu desempeño.➤ Capital social, relación de socios, con expresión da súa nacionalidade e porcentaxes de participación. De ser o caso, ampliacións de capital, tanto das realizadas como das previstas, incluídos importes, identidade dos subscritores, a súa nacionalidade, porcentaxes de participación e datas.➤ Se entre os accionistas figuran sociedades, facilitarase información sobre a propiedade destas (capital, socios, a súa nacionalidade, porcentaxes de participación), e se a empresa forma parte dun grupo empresarial, achegarase información detallada do grupo e da relación existente entre as empresas que o integran. <p><i>Cando as características do proxecto o aconsellen, poderáselle requirir á empresa solicitante da licenza de explotación información financeira sobre os socios.</i></p>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>
c)	Escrituras de constitución e estatutos sociais. De ser o caso, escrituras de ampliación de capital, inscritas no Rexistro Mercantil.	<input type="checkbox"/>
d)	Certificado de inscrición da empresa no Rexistro Mercantil	<input type="checkbox"/>
e)	Declaracións de honorabilidade profesional do persoal directivo¹	<input type="checkbox"/>
f)	<p>Datos do certificado de operador aéreo (AOC) (número e data de emisión).</p> <p><i>En caso de que a empresa non obtivese aínda o AOC no momento de presentar a solicitude de licenza, deberá facilitar información sobre a data en que solicitou o dito certificado, así como sobre a situación en que se encontra a súa tramitación. Sen prexuízo desa información, <u>non se poderá considerar cumprido o requisito de posesión dun AOC ata que tivese lugar a súa expedición.</u></i></p>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

¹ Considérase como tal o persoal da empresa con facultades de dirección continuada e efectiva das actividades dela.

g)	<p>Tipo, matrícula, número de serie e data de matriculación da(s) aeronave(s).</p> <p><i>Se, ao presentar a solicitude de licenza, a aeronave ou aeronaves non están aínda matriculadas e inscritas a nome da empresa, facilitarase mentres o contrato, título ou documento (preacordo, carta de intencións) que acredite a dispoñibilidade das aeronaves na data prevista para o inicio das operacións, así como información detallada sobre a situación en que se encontran os trámites de matriculación e inscrición das aeronaves no Rexistro de Matrícula de Aeronaves.</i></p> <p><u><i>A concesión da licenza de explotación require dispor, polo menos, dunha aeronave matriculada e inscrita a nome da empresa solicitante da licenza no Rexistro de Matrícula de Aeronaves, en propiedade, arrendamento financeiro, arrendamento ou calquera outro título inscristible.</i></u></p>	□
h)	<p>Certificado de seguros da frota, emitido pola entidade aseguradora.</p> <p><i>O certificado de seguros deberá conter necesariamente os datos relativos á(s) póliza(s) contratada(s): referencia da póliza, nome do asegurado, período de cobertura, área xeográfica, riscos cubertos, aeronaves, data de emisión.</i></p> <p><i>En caso de que non se contratase aínda a póliza, achegarse información sobre a situación en que se encontra a contratación da cobertura de seguro. En calquera caso, <u>non se poderá considerar cumprido o requisito de seguro ata que estea xustificada a súa contratación mediante a achega do correspondente certificado.</u></i></p>	□ □

3	Documentación que cómpre achegar exclusivamente para a obtención das LICENZAS DE EXPLOTACIÓN DE CATEGORÍA "A"	
a)	Documentación económico-financeira	
	<p>➤ Contabilidade interna máis recente e, de se tratar dunha sociedade xa existente, contas do último exercicio económico, auditadas de existir tal obrigación.²</p> <p><i>Se, debido á data de constitución da sociedade non finalizou aínda o primeiro exercicio económico, en lugar das contas anuais presentárase un balance de situación referido ao último día do mes inmediatamente anterior á data de presentación da solicitude de licenza.</i></p> <p><i>O balance deberá estar estruturado conforme o Plan xeral de contabilidade vixente, segundo os modelos incluídos no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade, e no Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproban o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas. A presentación deste documento ten por obxecto comprobar que o capital neto da empresa é, como mínimo, de 100.000 €, segundo exige o Regulamento (CE) nº 1008/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de setembro, no seu artigo 5.3.</i></p>	<input type="checkbox"/>
	<p>➤ Previsión das contas anuais para os tres primeiros exercicios de operación. As contas estruturaránse conforme o Plan xeral de contabilidade vixente, segundo os modelos incluídos no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, e no Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro.</p>	<input type="checkbox"/>

² A Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá habilitar formularios para subministrar esta información por medios telemáticos.

	<p>➤ <u>A base de cálculo</u> das cifras de ingresos e custos previstos desagregadas por meses, para os seguintes conceptos:</p> <p>A. Ingresos mensuais.</p> <p>A.1 Ingresos por servizos</p> <p>A.2 Ingresos por venda a bordo</p> <p>A.3 Ingresos financeiros</p> <p>A.4 Outros ingresos.</p> <p>B. Custos variables/hora bloque/tipo de aeronave.</p> <p>B.1 Tripulacións técnicas</p> <p>B.2 Tripulacións auxiliares</p> <p>B.3 Combustibles e aceites <input type="checkbox"/></p> <p>B.4 Mantemento propio</p> <p>B.5 Mantemento contratado <input type="checkbox"/></p> <p>B.6 Axudas á navegación</p> <p>B.7 Tarifas aeroportuarias</p> <p>B.8 Taxas de aterraxe (nacional e internacional)</p> <p>B.9 Asistencia en terra</p> <p>B.10 Comida e servizo de pasaxeiros</p> <p>B.11 Taxa de seguridade</p> <p>B.12 Outros custos variables <input type="checkbox"/></p> <p>C. Custos fixos mensuais</p> <p>C.1 Tripulacións técnicas</p> <p>C.2 Tripulacións auxiliares</p> <p>C.3 Mantemento propio</p> <p>C.4 Alugueiro de avións</p> <p>C.5 Seguros</p> <p>C.6 Vendas e reservas</p> <p>C.7 Xerais e de administración</p> <p>C.8 Financeiros</p> <p>C.9 Tributos</p> <p>C.10 Gastos de primeiro establecemento</p> <p>C.11 Cursos de formación.</p> <p>C.12 Outros custos fixos</p>	
--	---	--

	<ul style="list-style-type: none">➤ Custos iniciais previstos para o período comprendido entre a presentación da solicitude e o comezo da operación. Financiamento destes.	<input type="checkbox"/>
	<ul style="list-style-type: none">➤ Fontes de financiamento presentes e futuras, especificando modalidades e procedencia (bancos, entidades financeiras, investidores, etc.).	<input type="checkbox"/>
	<ul style="list-style-type: none">➤ Orzamento da conta de tesouraría para os tres primeiros exercicios de operación, desagregada mes a mes e detallando cobramentos e pagamentos.	<input type="checkbox"/>
	<ul style="list-style-type: none">➤ Detalle da compra/arrendamento das aeronaves. En caso de arrendamento, termos e condicións do contrato.	<input type="checkbox"/>
b)	Plan de negocio <p>Conterá unha descrición o máis detallada posible das actividades de transporte aéreo comercial previstas para os <u>tres</u> primeiros anos de operación, no relativo a</p> <ul style="list-style-type: none">➤ Tipo de servizos que operarán (regular, non regular, de pasaxeiros, de carga...)➤ Itinerarios, frecuencias, horarios➤ Capacidade en asentos e/ou carga➤ Comercialización dos voos (reservas, vendas, sistema de prestación da asistencia en terra, servizos a bordo...)➤ Base(s) de operacións➤ Data prevista para o inicio dos servizos➤ Previsións de tráfico, expresadas en pasaxeiros ou carga para transportar, pasaxeiros/km ou carga/km, horas-bloque, coeficientes de ocupación (por servizo ou ruta)➤ Acordos con axencias, operadores turísticos, fretadores, axentes de carga..., ou ben os estudos, mostraxes ou prospeccións de mercado en que se basean as previsións de tráfico.➤ Calquera outro dato ou documentación relevantes que xustifiquen a viabilidade comercial do plan.➤ Plan de frota: tipo(s) de aeronave seleccionado(s), capacidade en asentos, número de unidades e calendario de incorporación.	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>
4	Documentación que cómpre achegar exclusivamente para a obtención das LICENZAS DE EXPLOTACIÓN DE CATEGORÍA "B"	
a)	Descrición dos servizos que van operar	<input type="checkbox"/>
b)	Base (s) de operacións	<input type="checkbox"/>
c)	Data prevista para o inicio dos servizos	<input type="checkbox"/>

d)	<p>Contas anuais correspondentes ao último exercicio.³</p> <p><i>Se, debido á data de constitución da sociedade, non finalizou aínda o primeiro exercicio económico, en lugar das contas anuais presentárase un balance de situación referido ao último día do mes inmediatamente anterior á data de presentación da solicitude de licenza.</i></p> <p><i>O balance deberá estar estruturado conforme o Plan xeral de contabilidade vixente, segundo os modelos incluídos no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, e no Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro. A presentación deste documento ten por obxecto comprobar que o capital neto da empresa é, como mínimo, de 100.000 €, segundo exige o Regulamento (CE) nº 1008/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de setembro, no seu artigo 5.3.</i></p>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>
<p>NOTA: No caso de que a empresa solicitante da licenza de explotación de categoría B preveña ofrecer servizos regulares, a Dirección de Seguridade da Aviación Civil e Protección ao Usuario poderá determinar a aplicación á solicitude dos criterios de valoración da capacidade económico-financieira previstos para as licenzas de categoría A. En tal caso, a empresa deberá achegar a información económico-financieira e o plan de negocio que se relacionan no número 3.</p>		
5	Oposición expresa á cesión de datos por parte doutras administracións	
<p>O órgano administrativo competente para tramitar, resolver o procedemento e verificar a continuidade no cumprimento das condicións da licenza poderá consultar ou obter os documentos que fosen elaborados por calquera Administración. Igualmente, o órgano administrativo poderá consultar datos ou documentos que fosen achegados anteriormente polo interesado ante calquera Administración. Para estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.</p> <p>Non obstante, conforme o disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderá manifestar a súa oposición de forma expresa á consulta deses datos ou documentos marcando o/s recadro/s seguintes:</p> <p><input type="checkbox"/> MANIFESTO A MIÑA OPOSICIÓN a que o órgano administrativo competente consulte ou requira os documentos que fosen elaborados por calquera Administración.</p> <p><input type="checkbox"/> MANIFESTO A MIÑA OPOSICIÓN a que o órgano administrativo competente consulte datos ou documentos que fosen achegados anteriormente polo interesado ante calquera Administración.</p>		

³ A Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá habilitar formularios para subministrar esta información por medios telemáticos.

ANEXO II

Oposición expresa á cesión de datos por parte doutras administracións

O órgano administrativo competente para tramitar, resolver o procedemento e verificar a continuidade no cumprimento das condicións da licenza poderá consultar ou recadar os documentos que fosen elaborados por calquera Administración. Igualmente, o órgano administrativo poderá consultar datos ou documentos que fosen achegados anteriormente polo interesado ante calquera Administración. Para estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Non obstante, conforme o disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderá manifestar a súa oposición de forma expresa á consulta deses datos ou documentos marcando o/s recadro/s seguintes:

- MANIFESTO A MIÑA OPOSICIÓN a que o órgano administrativo competente consulte ou obteña os documentos que fosen elaborados por calquera Administración.
- MANIFESTO A MIÑA OPOSICIÓN a que o órgano administrativo competente consulte datos ou documentos que fosen achegados anteriormente polo interesado ante calquera Administración